



# Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT  
A Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

9 de febreiro 2024

PROXIMAMENTE

### -Embaixadorxs Destino Europa

Segue o noso Instagram a vindeira semana porque trae novidades da edición 2024 de Embaixadorxs Destino Europa!

### -Carreira investigadora en España e Europa, por onde empezo? #HelloEurope - o 7 de marzo

Non perdas esta interesante charla con Euraxess sobre os recursos dispoñibles para comezar unha carreira investigadora na UE.

### -Ventana a Europa - o 12 de marzo

Encontro en liña coa Oficina do Parlamento Europeo en España para coñecer máis do traballo da institución neste ano electoral.

### -Obradoiro: Curriculum Vitae Europass #HelloEurope - o 15 de abril

Coñece e domina unha das ferramentas necesarias para poñer en valor as túas competencias e habilidades no mercado laboral europeo.

### -Obradoiro: Cartas de motivación e presentación #HelloEurope - o 16 de abril

Unha candidatura competitiva precisa dunha carta de presentación á altura. Sabes como facela?

Europe Direct A Coruña - [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal) - [www.dacoruna.gal/europedirect](http://www.dacoruna.gal/europedirect)



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

## **-Obradoiro: Coñecemento de habilidades dixitais no espazo europeo #HelloEurope - o 17 de abril**

Descubre as ferramentas tecnolóxicas esenciais para reforzar as túas competencias laborais na Unión Europea.

---

## **-Formación no Consello da Unión Europea - ata o 14 de marzo**

Aberto o prazo para solicitar cinco meses de prácticas remuneradas, para diferentes perfís profesionais, no Consello da UE con inicio no mes de setembro.

## **-Prácticas no Defensor do Pobo Europeo - ata o 18 de marzo e o 8 de abril**

Formación pagada dun ano para postos de comunicación dixital e xestión de casos e tamén está aberto o prazo de prácticas para persoas con discapacidade, durante un ano, con postos para xestión de casos, comunicación, administración, finanzas e recursos humanos.

## **-Prácticas no Instituto Europeo da Igualdade de Xénero - ata o 23 de febreiro**

Seis meses de formación remunerada na unidade de extensión e participación en Bruxelas para perfís de comunicación, relacións públicas, estudos internacionais, estudos europeos ou políticas.

## **-Bolsas de investigación de curta duración en Alemaña - ata o 15 de abril**

O Servizo Alemán de Intercambio Académico ofrece bolsas de ata seis meses a persoas graduadas ou que fagan o doutoramento para realizar investigación en Alemaña.

## **-Bolsas da Organización Nacional de Transplantes - ata o 6 de marzo**

O Ministerio de Sanidade convoca dúas bolsas dun ano prorrogables para persoas licenciadas en Medicina, Bioloxía, Veterinaria, Farmacia ou Estatística.

## **-European Job Days:**

## **-Seize the Summer with EURES 2024 - 21 e 22 de febreiro**

Feira de emprego en liña para a busca de empregos estacionais de verán en entretemento, hospedaxe, catering e outros relacionados co turismo en varios países da UE.



**-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:**

**-Voluntariado agrícola e cultural en Eslovenia - ata o 20 de febreiro**

Traballo de agricultura ecolóxica durante o verán nunha granxa de Eslovenia

**-Voluntariado educativo en Polonia - ata o 4 de marzo**

Seis meses de colaboración nunha escola Montessori.

**E lembra!**

**-Prácticas no Tribunal de Xustiza da Unión Europea - ata o 15 de abril**

Prácticas remuneradas de cinco meses nos gabinetes dos membros do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral e nos servizos do Tribunal de Xustiza para persoas tituladas en Dereito, Ciencias Políticas ou Económicas, así como interpretación de conferencias.

**-Programa de Estudantes Embaixadores de EU Careers - ata o 5 de marzo**

A oficina de selección de persoal da Comisión Europea abre o prazo para que o alumnado universitario poida anotarse como embaixador/a das oportunidades laborais da Unión Europea. Tes interese?

**-Queres ser Embaixador/a Novo da Enerxía? - ata o 3 de marzo**

O programa Embaixadores Novos da Enerxía implica á mocidade de entre 18 e 34 anos que está relacionada coa enerxía na difusión do European Youth Energy Day en Bruxelas.



**Coñeces o noso ClubUE?**

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

\*\*\*

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR



Europe Direct A Coruña - [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal) - [www.dacoruna.gal/europedirect](http://www.dacoruna.gal/europedirect)

  Europe Direct A Coruña  @edcoruna  @europedirectcoruna  682677765